



PARABÉNS!
SANTIAGO É ACB

#SomosObra
ORGULLO PICHELEIRO



O OBRADOIRO É ACB

O Obradoiro volve ao seu sitio

O conxunto compostelán pecha unha tempada case perfecta conseguindo o título de Primeira FEB e o ascenso directo á ACB despois de pasar dous anos, moi complicados, na categoría de prata do baloncesto español

ANDRÉ COUCE
Santiago

O Monbus Obradoiro volve á ACB pola porta grande. Dous anos despois do descenso, o equipo compostelán pechou unha tempada case perfecta coa conquista da Primeira FEB e o ascenso directo á Liga Endesa, premio a un curso no que soubo reconstruírse, competir baixo presión e chegar á última xornada dependendo de si mesmo.

O triunfo ante o Inveready Gipuzkoa no Multiusos Fontes do Sar (85-68) puxo o broche a unha liga de enorme esixencia. O conxunto de Diego Epifanio rematou cun balance de 28 vitorias e só 4 derrotas, igualado co Leyma Coruña, pero co título no peto grazas aos enfrontamentos directos. Sar respondeu como nas grandes noites e empurrou un equipo que fixo da regularidade a súa mellor virtude.

A campaña non foi sinxela. O Obra tivo que convivir con lesións, cambios e momentos delicados, pero sempre atopou respostas. Epi construíu un grupo sólido, con roles ben definidos e unha defensa capaz de soste os días de menor acerto. O liderado de Léo Westermann deu orde e pausa ao xogo, mentres Alex Barcello confirmou a súa condición de referente anotador sen deixar de crecer atrás.

Tamén foron decisivos o poder interior de Felipe Dos Anjos, a experiencia de Dejan Kravic, a enerxía de Sergi Quintela e a ameaza exterior de Yunio Barrueta. Pezas como Diogo Brito, Travis Munnings, Alejandro Galán ou Denzel Andersson completaron un bloque longo, físico e comprometido, no que cada xogador entendeu o que necesitaba o equipo.

O ascenso devolve Santiago á elite do baloncesto español e pecha unha ferida que aínda estaba recente. Máis alá dos números, o Obradoiro recuperou identidade, confianza e conexión coa súa afección. A celebración en Sar e na cidade confirmou que o club volve ao lugar que perseguía, a ACB, agora cun proxecto reforzado pola autoridade dun campión. Foi unha subida sen atallos: gañada semana a semana, desde a concentración do vestiario ata a resposta dunha bancada local que nunca deixou só o equipo. ■



O Monbus Obradoiro celebrando o título cos seus seguidores, que invadiron a pista para celebrar cos xogadores.

Antonio Hernández | Jesús Prieto



Epi acadou seu 4º ascenso na súa carreira como adestrador.

Antonio Hernández | Jesús Prieto



Raúl López celebrando o ascenso ao lado dos xogadores.

Antonio Hernández | Jesús Prieto



Westermann a punto de alzar o trofeo de campións.

Antonio Hernández | Jesús Prieto

A Caldeira volveu ruxir para ascender xunto ao Obradoiro

O obradoirismo empurrou o equipo durante toda a tempada cunha media de 4.826 espectadores por partido na casa, e desprazamentos organizados

ANDRÉ COUCE

Santiago

Sar subiu antes de que soase a bucina. Fíxoo xornada a xornada, cunha bancada que converteu a Primeira FEB nunha travesía de regreso e non nun castigo. O Monbus Obradoiro pechou a tempada do ascenso co equipo campión sobre a pista e coa afeción exercendo de columna vertebral: 77.217 espectadores pasaron polo Multiúsos Fontes do Sar nos 16 partidos de liga regular como local, cunha media de 4.826 por encontro.

O dato explica unha tempada. A primeira metade da competición na casa xa deixara 36.654 aficionados en oito partidos, pero o pul-



Antonio Hernández

O obradoirismo no recibimento do Concello ao club.

so foi medrando a medida que o ascenso se achegaba. Nos últimos oito compromisos en Santiago xuntáronse 40.563 espectadores, cunha media xa por riba dos 5.000. O Sar das grandes noites volveu no tramo decisivo: 5.523 ante o Palencia, 5.937 no derbi contra o Ourense, 5.994 fronte ao Movistar Estudiantes e 6.183 na noite definitiva ante o Inveready Gipuzkoa, o partido que devolveu o Obra á ACB.

A afeción tampouco quedou na casa. En abril, o club organizou o desprazamento ao Coliseum para o derbi da Coruña, con entradas para abonados e autobuses especiais desde San Lázaro. A escena repetíuse en Torrelavega, onde o Obradoiro impulsou unha viaxe en autobús para acompañar o equipo na penúltima xornada. Alí, no Vicente Trueba, centos de obradoiristas celebraron o 65-95 que deixou o conxunto de Epi a unha vitoria do título.

A tempada do ascenso foi, tamén, a tempada do «Nós Non Faltamos». Porque o Obra gañou partidos, si, pero Sar gañou presenza, ruído e pertenza. E cando o equipo precisou o último empurrón, a Caldeira non fallou: ardeu ata devolver Santiago á máxima categoría. ■

Somos la Salud del Monbus Obradoiro

Orgullosos de acompañar al Monbus Obradoiro en su regreso a la Liga ACB

¡Felicidades, equipo!



hm
hospitales

PROVEEDOR MÉDICO OFICIAL



O OBRADOIRO É ACB

Santiago-Coruña: a rivalidade galega polo campionato

Obradoiro e Leyma converteron a Primeira FEB nun pulso territorial resolto pola mínima

ANDRÉ COUCE
Santiago

A rivalidade entre Monbus Obradoiro e Leyma Coruña polo ascenso empezou a cocer antes de que a liga puxese nada en xogo e rematou a favor dos da capital galega. O primeiro aviso chegou xa no arranque da pretempada, en Fontecarmoa, onde os picheiros derrotaron os herculinos por 76-73 no primeiro amigable de ambos. Apenas unha semana despois, o 5 de setembro, o equipo coruñés respondeu no Coliseum, cun 83-72 na Copa Galicia que tivo aínda aroma de ensaio, pero tamén moito de declaración de intencións. Dous partidos de pre-

paración abondaron para deixar claro que o curso ía ter acento galego e que, entre Sar e A Coruña, empezaba a nacer algo máis ca unha simple coincidencia de calendario.

Porque a tempada, ao final, foi iso: unha carreira de dous. Dous descensos recentes, dous proxectos obrigados a reconstruírse e unha mesma urxencia por regresar canto antes á Liga Endesa. O Leyma marcou o paso durante boa parte da liga; o Obradoiro foi medrando co calendario, recompúxose dos problemas iniciais e chegou ao tramo decisivo coa firmeza dun equipo que xa non miraba cara atrás. Ambos pecharon a fase regular con idéntico balance, 28 vitorias e 4 derrotas, pero o desem-



Jesús Prieto

Imaxe do derbi en Sar entre Monbus Obradoiro e Leyma Coruña.

pate quedou do lado santiagués.

O primeiro golpe oficial chegou en Sar. O 28 de decembro, o Obradoiro derrotou o Leyma por 103-99 nun derbi extraordinario, de marcador alto e tensión permanente. Non foi só unha vitoria de prestixio, foi a primeira derrota ligueira do líder herculino e o aviso de que a pelexa polo ascenso directo non ía ser un paseo para ninguén. Aquel día o Obra gañou algo máis ca un partido: gañou crédito, confianza e o

dereito a discutir a liga ata o final.

O segundo derbi, xa no Coliseum, acabou de inclinar a balanza. O 84-92 do Obradoiro na Coruña, o 11 de abril, cambiou definitivamente o aire da competición. O Leyma xogaba na casa, arroupado por un ambiente de primeira, pero o equipo de Diego Epifanio resistiu, remontou e levou un triunfo que lle permitiu depender de si mesmo na carreira polo ascenso. Foi a noite na que o Obra derrubou o muro coru-

ñés e deixou o ascenso directo ao alcance da man.

A rivalidade tivo todos os ingredientes dunha gran historia: proximidade xeográfica, dúas afeccións mobilizadas, cadros deseñados para subir e unha clasificación sen marxe para o erro. O que empezara a insinuarse na pretempada, con aquel intercambio de golpes entre Fontecarmoa e a Copa Galicia, acabou convertido nun pulso de máxima esixencia. O Leyma obrigou o Obradoiro a gañar case sempre; o Obradoiro respondeu gañando cando máis pesaba.

Para A Coruña, a pelexa aínda non rematou. O Leyma afronta agora o play off co ascenso aínda ao alcance e co Hestia Menorca como primeiro obstáculo. Ademais, a Final Four da Primeira FEB será no Coliseum os días 6 e 7 de xuño se o equipo coruñés consegue clasificarse, unha posibilidade que mantén vivo o soño de ver tres clubs galegos na Liga Endesa a próxima tempada.

O Obradoiro xa fixo a súa parte. Volverá á elite dous anos despois e farao tras sobrevivir ao pulso máis esixente: o dun rival veciño que o levou ata o límite dende agosto ata maio. O ascenso foi cousa de dous, si. Pero o primeiro billete gañouno Sar. ■

Este cantar non pode ser mudiño...

Parabéns Obradoiro!

t. 981 50 02 02 • 606 455 714 • web@toldosgomez.com • toldosgomez.com

TGM TOLDOS GÓMEZ

MULTIUSOS FONTES DO SAR

Orgullosos de ser a vosa casa. NORABOIA!

MOVERO SANTIAGO

25 ANOS MULTI SAN

O Obra busca músculo nunha ACB que xa non agarda a ninguén

O club prepara novos proxectos ligados á cidade e ao Xacobeo 2027, pero precisa dun retorno

ANDRÉ COUCE
Santiago

O regreso do Monbus Obradoiro á ACB non remata coa celebración. O ascenso devolveu a Sar á elite e reconciliou a cidade cun equipo que soubo reconstruírse desde a dureza da Primeira FEB, pero tamén abriu unha carpeta máis complexa e menos vistosa: a de facer viable un proxecto nunha Liga Endesa que xa non é exactamente aquela que o club deixou atrás hai dous anos. A competición é máis cara, máis esixente na estrutura profesional e máis dura no mercado. E para permanecer non abondará coa inercia deportiva nin coa paixón dunha afección que volveu encher o Multiusos.

No Obradoiro son conscientes de que o primeiro reto non será só acertar coa plantilla. Antes hai que ensanchar a base económica. O club precisa máis respaldo das institucións —Xunta, Deputación e Concello— e tamén un salto decidido do tecido privado. A mensaxe que se move nos despachos é clara: o ascenso é unha oportunidade de cidade, non só unha alegría deportiva. Santiago recupera presenza semanal nun escaparate estatal, con televisión, visitantes, afeccións rivais e unha marca asociada á máxima categoría do baloncesto español.

Ese argumento cobra aínda máis peso porque o Xacobeo 2027 está xa no horizonte. O club traballa con varias ideas que pretende ir dando a coñecer nas vindeiras se-



Os negocios da Praza Roxa beneficiáronse do encontro vivido na pantalla xigante.

manas e que, segundo as primeiras conversas, buscan conectar o regreso á ACB coa proxección de Compostela como capital deportiva, turística e empresarial. Non se trata só de poñer un logo nunha camiseta ou nun panel de Sar, senón de xerar accións con percorrido na cidade, con capacidade para atraer público, activar marcas e sumar á programación dun ano que Galicia prepara como unha gran plataforma internacional.

A hostalaría aparece, nese contexto, como un dos sectores chamados a notar antes o efecto. A Liga Endesa move expedicións, medios, patrocinadores e afeccionados. Cada partido en Sar pode ser tamén unha fin de semana de consumo en hoteis, restaurantes, bares e comercios, especialmente se

o calendario se sabe integrar nun relato máis amplo de cidade. O Obradoiro, pola súa dimensión social e pola súa identificación con Santiago, pode converterse nun socio útil para ese ecosistema, pero necesita que ese ecosistema tamén dea un paso adiante.

A diferenza con etapas anteriores é que a permanencia en ACB se encareceu en todos os sentidos. Os clubs manexan estruturas cada vez máis profesionalizadas, os xogadores con impacto inmediato teñen máis mercado e a marxe de erro é pequena. Competir sen unha rede económica sólida supón vivir ao límite desde o primeiro salto inicial. A memoria recente da categoría demostra que subir é moi difícil; quedar, ás veces, é aínda máis complicado.

Por iso, o Obra mira agora a administracións e empresas con dous argumentos complementarios. O primeiro é deportivo: Santiago volve estar na ACB e debe facelo cun proxecto capaz de defender a praza. O segundo é económico e territorial: apoiar ao club significa investir nunha marca que xera retorno, visibilidade e movemento na cidade. Co Xacobeo á volta da esquina, a entidade entende que hai unha xanela que non convén desaproveitar.

Sar xa fixo a súa parte. A afección respondeu, o equipo ascendeu e o club recuperou o sitio que perseguía. Agora chega outro partido, menos ruidoso pero decisivo, no que se xogan despachos, patrocinios e complicidades institucionais. O Obradoiro volve á ACB. O desafío é que Santiago volva con el. ■





RECUERDE

Nuestros productos
son aditivados
y contribuyen al cuidado
de su motor

*productos procedentes de la refinería



www.facebook.com/PernasMulticentro/

Haino todo na de Pernas!!



PONTEVEA Rúa Ignacio Varela, 25-27 - 981 809 002

CUNTIS Circunvalación Don Aurelio, 80 - 621 268 445

RIANXO Setefogas, 11 - 981 844 632

O OBRADOIRO É ACB

O 'rock and roll' de Epi devolveu ao Obra á ACB

O técnico afinou un equipo coral arredor do 'pick and roll' de Westermann con Dos Anjos e Kravic e fíxoo unha rocha defensiva ata convertelo no campión

ANDRÉ COUCE

Santiago

A tempada de Epi no Monbus Obradoiro tivo algo de xira eléctrica. Chegou a Sar para reconstruír un equipo ferido, coa obriga de devolverlle á cidade a ACB e cunha categoría que non perdoa descoídos, e acabou 'subindo ao escenario' para converter a presión en ritmo. O seu Obra non foi un conxunto de grandes solos, senón unha banda afinada: cada peza sabía cando entrar, cando baixar o volume e cando acelerar ao rival.

O resultado foi unha liga case redonda. O Obradoiro rematou primeiro, con 28 vitorias e só catro derrotas, 2.945 puntos a favor e 2.420 en contra, e certificou o ascenso directo nun Sar en combustión ante o Gipuzkoa. A clasificación igualou en triunfos co Leyma Coruña, mais o equipo compostelán soubo defender a cabeza cando a tempada empezou a pedir nervio, oficio e memoria.

Epi puxo método onde había

urxencia. A súa primeira gran vitoria foi convencer o vestiario de que o ascenso non se gañaba en maio, senón en cada adestramento gris, en cada viaxe incómoda e en cada partido que parecía menor. O Obra aprendeu a xogar co marcador, a non romperse nas noites malas e a atopar solucións máis alá do acerto exterior. A música foi coral, pero tivo un compás recoñecible.

Ese compás naceu moitas veces do *pick and roll*, convertido nun 'rock and roll' propio. Léo Westermann marcou o tempo coa mesma calma coa que outros pisan o pedal de distorsión. O base francés, líder asistente do equipo, atopou unha vía de ouro coa verticalidade de Felipe Dos Anjos e a lectura de Dejan Kravic. Dos Anjos deu puntos preto do aro, porcentaxes altísimas e presenza física; Kravic engadiu mans, pausas e continuacións intelixentes. Cando ese triángulo soaba ben, o Obra parecía tocar de memoria.

As estatísticas explican por que esa sensación non foi só estética.



Diego Epifanio dirixindo o Monbus Obradoiro.

Segundo *DBasket*, o Monbus asinou 92 puntos por partido, 49,76% en tiros de campo, 37,54%

en triplas e 19,3 asistencias. Tamén foi un equipo agresivo atrás, con 8,9 roubos por noite, e moi efi-

ciente en ataque: 124,4 de rating ofensivo, 102,2 defensivo e un saldo neto de 22,2. Noutras palabras, gañou moito e gañou ben.

A man do técnico burgalés apareceu tamén na xestión da plantilla. Alex Barcello asumiu puntos e responsabilidade; Yunio Barrueta abriu o campo con ameaza constante; Sergi Quintela puxo carácter e lectura de club; Diogo Brito, Álex Galán, Denzel Andersson, Travis Munnings ou Micah Speight completaron unha rotación que cambiou de rexistro sen perder identidade. E cando chegaron contratempas, Epi evitou que fosen coartadas.

Non foi unha tempada perfecta porque ningunha o é. Houbo lesións, tramos de esesura e partidos nos que tocou gañar desde a trincheira. Pero aí tamén se recoñeceu o selo do adestrador: control emocional, confianza no plan e unha fe sostida no colectivo. O Obra non sempre foi brillante, mais case sempre foi fiable, e esa fiabilidade valeu ouro nunha loita pola primeira praza sen marxe de erro.

O ascenso confirma a Epi como un especialista en devolver equipos á elite (4), pero en Santiago deixa algo máis ca un currículo. Deixa unha maneira de competir que reconectou Sar co seu equipo e que transformou unha obriga nunha celebración. O seu 'rock and roll' non foi estrondo baleiro: foi orde, pase extra, bloqueo e defensa con mans activas. Foi, sobre todo, o son dun Obradoiro que volveu e cambiou a frecuencia ata escoitar a ACB. ■





clinica baltar



clinica baltar

INSTITUTO DENTAL AVANZADO

Especialistas en ortodoncia e implantología avanzada

☎ 981 068 235 | 📞 679 945 413

✉ info@clinicabaltar.es

🌐 www.clinicabaltar.es

📍 Rúa de Alfredo Brañas, 19, bajo, Santiago

Raúl López e Héctor Galán: Dous anos para volver crer

A Primeira FEB tivo aprendizaxes e decisións delicadas ata devolver o Obradoiro á ACB

ANDRÉ COUCE
Santiago

Houbo un momento, tras o descenso do 2024, no que todo pareceu quedar no aire. A saída da ACB abría unha etapa nova e tamén unha pregunta decisiva: se Raúl López seguiría á fronte dun club que entraba nun territorio deportivo e económico moito máis incómodo. O presidente e accionista maioritario decidiu manterse, asumir a reconstrución e soste un proxecto que necesitaba volver atopar rumbo. A idea, repetida despois en público, resume ben a súa maneira de entender o Obradoiro: un capitán non abandona o barco cando o barco non está ben.

Aquel foi o punto de partida dunha etapa que tamén colocou a Héctor Galán no centro do proxecto. O asturiano chegou a Santiago en maio de 2024 logo dunha longa traxectoria no Oviedo e asumiu por primeira vez o reto de dirixir un club coa esixencia, a presión e a estrutura dun acabado de descender

da ACB. Non era só facer unha plantilla competitiva. Era reconstruír unha entidade ferida, manter a ambición e convivir coa obriga case inmediata de volver subir.

O primeiro curso quedou lonxe do esperado. O Obradoiro non atopou a regularidade necesaria, cambiou de adestrador polo camiño e acabou caendo no play-off ante o Palencia, un desenlace que deixou mal sabor. Para Galán foi unha aprendizaxe dura, a primeira gran proba nun club situado na parte alta da categoría, onde cada decisión se mide co listón do ascenso. Para Raúl, foi outro golpe nun ciclo que xa viña castigado polo descenso.

Pero aí apareceu unha das claves destes dous anos: o presidente non rompeu o proxecto. Puido interpretar aquel primeiro intento como un fracaso definitivo, pero escolleu reafirmar a súa aposta por Galán. Nun contexto no que a decepción convidaba a empezar outra vez de cero, o Obradoiro optou por corrixir sen dinamitar. Esa continuidade foi a



Á esquerda, Héctor Galán, e á dereita Raúl López.

base da segunda reconstrución.

E o segundo ano foi a resposta. Galán acertou no verán cun adestrador e un equipo máis feito, máis sólido e máis preparado para soportar a presión. Chegaron xogadores con experiencia, puntos e oficio; pezas capaces de gañar partidos, pero tamén de aguantar os malos momentos dunha competición longa. O Obradoiro non foi perfecto dende o primeiro día, pero si foi medrando ata converterse nun bloque fiable, competitivo e mentalmente forte.

Tamén houbo acerto durante a tempada. Cando as lesións e as necesidades do equipo obrigaron a moverse, a dirección deportiva respondeu con incorporacións que non foron simples parches, senón

solucións reais para manter o pulso polo ascenso. O equipo atopou equilibrio, fondo de armario e carácter. E arredor del volveu aparecer algo que o club necesitaba tanto coma as vitorias: a ilusión de Sar.

O ascenso culminou ese proceso. O Obradoiro regresou á ACB como campión, despois dunha carreira esixente e dun pulso directo co Leyma Coruña que levou a tempada ata o límite. Foi o premio a un equipo que soubo convivir coa presión, pero tamén a unha estrutura que aprendera dos erros do ano anterior. O que no primeiro curso se viu como precipitación, no segundo transformouse en lectura, calma e acerto.

Para Raúl López, o regreso á Liga Endesa recompón o vínculo

emocional cunha afección que chegou a temer polo futuro inmediato do club. Pasou do case adeus á decisión de quedar, e desesa decisión naceu unha nova conexión co proxecto. Para Héctor Galán, a ACB será outro territorio novo. O seu primeiro ano en Santiago foi de aprendizaxe; o segundo, de reivindicación. Agora chega o terceiro exame: construír un Obradoiro capaz de competir na elite.

A historia destes dous anos deixa unha conclusión clara. O ascenso non se explica só dende a pista. Tamén nace nun despacho, nunha aposta mantida cando era máis doado cambiar de rumbo e nun club que decidiu non abandonar o seu propio barco. ■

TRADICIÓN ITALIANA
en Sicilia in Bocca

SANTIAGO DE COMPOSTELA - Av. Rosalía de Castro, 72 | 981 973 324
A CORUÑA - Rúa Juana de Vega, 17 | 981 111 117
BERTAMIRIANS - Tr.º da Peregrina, 7 | 981 801 854

SANTIAGO CELEBRA, NOS TAMÉN
¡FELICIDADES OBRADOIRO!

FROITERÍA
- OS CONCHEIROS -

FRUTAS E VERDEURAS DE CONFIANZA
Frescas cada día, como sempre.

Concheiros 11, 15703
Santiago de Compostela | **981 575 298**

XEOS
DA ULLA

www.xeosdaulla.com
S. Miguel de Sarandón, 12 - Vedra - Galiza
Tel. 981 503 092
M. 620 293 092

Limpiezas
JORMAN, S.L.

Limpiezas Profesionales

R/Carcelas, 94 - TEL. 981 562 989 - MÓV. 682 313 806
info@limpiezasjorman.com - www.limpiezasjorman.com

O OBRADOIRO É ACB

Antonio Hernández | Jesús Prieto



O Monbus Obradoiro tras facerse co campionato da Primeira FEB e posando co título.

ANDRÉ COUCE

Santiago

A tempada do Monbus Obradoiro foi un 10, sen lugar a dúbidas. O excelente traballo do equipo rematou co campionato de Primeira FEB nas vitrinas do club e cun regreso á ACB pola porta grande. Nunha tempada sobresaínte, toca poñerlles nota aos xogadores e ao corpo técnico.

Epi e corpo técnico: 10

Catro derrotas en 32 encontros. Calquera o asinaría cos ollos pechados. Xestionaron un plantel de moito talento para apartar os egos e que cada un asumise o seu rol. Souberon adaptarse ao tipo de xogo que precisaban para cada encontro, explotando as virtudes dos seus xogadores e agochando as poucas debilidades que tiñan. No plano anímico, superaron todas as adversidades.

Léo Westermann: 9,5

Foi o cerebro do equipo. Deulle sentido ao xogo dos seus e no pick&roll foi letal cos interiores. Pero non só soubo pasar: 10,9 puntos, 5,0 asistencias, 2,5 rebotes e 12,2 de valoración, cun 43,2% en triplas.

Olle Lundqvist: 7

Só puido xogar sete encontros cos de Sar. Viña dunha lesión na pretempada e sufriu outra na metade do curso. Non se puido ver todo o que podía ofrecer, pero no que xogou volveu demostrar ser un xogador da elite da categoría: 8,1 puntos, 1,9 rebotes e 8,9 de valoración.

Alonso Grela: 5

O canteirán non puido gozar de moitos minutos na tempada. Foi un

As notas do Obradoiro nunha tempada de 10

Nun equipo no que non houbo egos, logrouse o regreso á ACB

- Barrueta, MVP para os lectores do xornal

'soldado' de Epi, que traballou dende o silencio e deuno todo nos adestramentos e nos partidos nos que participou. Un 'can de presa' que asumiu o seu rol: 16 partidos, 0,6 puntos e 0,6 rebotes.

Micah Speight: 7,5

Chegou para reforzar a posición de base e incrementou a calidade do equipo. A súa gran explosión foi no partido de Menorca, con 31 puntos, á que seguiu a agonía das lesións. En xeral, tivo unha moi boa participación: 7,8 puntos, 2,7 asistencias, 2,6 rebotes, 9,6 de valoración e un 50% en triplas.

Tra Holder: 3

Un reforzo obrigado pola lesión de Speight que deixou un paso por Sar moi discreto, tanto que apenas se precisou a súa entrada en pista. Xogador de moito talento que non tivo tempo para amosalo: 4 partidos, 1,8 puntos e 1,3 asistencias.

Alex Barcello: 9,5

O gran anotador do equipo, que tamén deu un salto de calidade no apartado defensivo. Asumiu menos tiros e axudou en máis facetas: 13,1 puntos, 2,9 asistencias, 2,8 rebotes,

1,3 roubos e 15,7 de valoración, cun 42,9% en triplas. Sen dúbida, merece poder estrearse na ACB.

Sergi Quintela: 9

O lucense tivo un peche de tempada sensacional, asumindo mesmo o papel de base. Epi atopoulle o rol que non terminou de ter no primeiro ano. Mellorou na toma de decisións e foi un dos defensores máis destacados do equipo: 8,0 puntos, 2,6 rebotes, 2,2 asistencias, 1,9 roubos e 9,8 de valoración.

Yunio Barrueta: 8,5

De novo, foi unha 'metralleta' para Epi, sendo o segundo máximo anotador do equipo: 11,7 puntos, 3,8 rebotes e 11,2 de valoración, cun 40,9% en triplas. Tamén foi o terceiro en rebotes no Obradoiro, dato moi destacable, xa que foi unha faceta na que comezaron a sufrir os de Sar e na que foi decisivo. Nunca tremeu para tirar cando tiña a bóla. Foi elixido polos lectores de EL CORREO GALLEGO como MVP da tempada co 35% dos votos (234).

Diogo Brito: 9

Foi de menos a máis, ata ser decisivo. Custoulle atopar o seu rol na

ofensiva, algo que sempre compensou na defensa. Por iso, cando apareceu en ataque na metade do curso converteuse nun factor diferencial: 8,5 puntos, 3,0 rebotes, 1,8 asistencias, 1,0 roubo e 9,4 de valoración.

Travis Munnings: 8,5

Un xogador de notable en todos os aspectos do xogo. Gran defensor, con físico para enfrontarse a todo tipo de xogadores, boa selección de tiro, pouco egoísmo e unha gran eficiencia: 6,2 puntos, 3,1 rebotes, 1,4 asistencias e 7,1 de valoración, cun 41,9% en triplas. Fichaxe para mellorar o plantel e que claramente o elevou a outra dimensión.

Alejandro Galán: 8

Outro soldado. Xogador rochoso en defensa, que soubo gastar e facer faltas. No seu rol estivo excelente e o único 'pero' que se lle pode poñer é no tiro de tres. Un guerreiro para Sar: 7,5 puntos, 2,9 rebotes, 1,2 asistencias e 8,3 de valoración.

Denzel Andersson: 8

O traballo na sombra. Quen só o valore polos números non comprenderá a dimensión deste xogador. Excelencia en defensa, capaz de cu-

brir todo tipo de xogadores e con accións que sentan cátedra. O seu 'pero' tamén chega na ofensiva: 5,0 puntos, 2,5 rebotes e 5,5 de valoración.

Felipe Dos Anjos: 9,5

O mellor pívot da categoría. Imparable na continuación tras bloqueo. Gran produción no poste dun xogador ao que aínda non atoparon como defender: 10,7 puntos, 4,8 rebotes, 1,7 tapóns e 14,3 de valoración, cun 70,8% en tiros de campo.

Dejan Kravic: 8,5

Soubo illarse das 'vozes' das redes sociais. Gran tempada en defensa dun xogador que sempre destacou máis no ataque. Tivo grandes exhibicións no poste, 'bailando' no un contra un a outros xigantes: 8,4 puntos, 4,5 rebotes, 1,7 asistencias e 11,6 de valoración.

Aitor Etxeguren: 5

Outro dos xogadores cun rol difícil, de poucos minutos. Unha pedra en defensa que tivo o seu tramo de protagonismo cando se lesionou Huskic. Cando entrou, baleirouse polo equipo: 21 partidos, 2,0 puntos, 1,1 rebotes e 2,7 de valoración.

Goran Huskic: -

Lesionouse no primeiro encontro. Imposible valoralo deportivamente. Sempre en Sar animando os seus. Nese único partido fixo 5 puntos, 1 rebote, 1 asistencia e 5 de valoración.

Diego Maseda e Rodrigo Díaz: -

Xogaron co equipo polas lesións, pero moi pouco tempo. Imposible valoralos. Maseda disputou 19 segundos e Rodrigo Díaz, dous partidos, cun rebote total. ■